

Mosteiro do Bon Xesús

090191

Datos de Localización

Mosteiro

Nomenclator: 3203216
Coord. UTM: X: 61093930
Y: 466219051
Concello: Xinzo de Limia
Parroquia: A PENA
Lugar: Trandeiras
Tipoloxía: Arquitectura Relixiosa
Tipo: Mosteiros
Subtipo: Mosteiro



Denominación: Mosteiro do Bon Xesús
Etapa Histórica: Idade Moderna
Estilo relevante: Renacentista

Outros Estilos:

Descrición:

Sobre a fundación do Mosteiro do Bon Xesús existen relatos máis ou menos lendarios recollidos por escritores modernos que no núcleo veñen coincidindo no seguinte: un veciño de Trandeiras comunicou entre os seus veciños que tiña visto en soños unha señora moi resplandecente nas peñas do monte, onde agora está a igrexa que era a virxe e tiña un neno. Os poucos días, de noite, dous cabaleiros que descenderon dunhas rochas repredeenron ó home por non ter iniciado a obra dunha capela no lugar, de tal maneira que comezou a obra pero sendo denunciado por un veciño, o provisor mandou demoler a construción. Sen embargo, de novo a Vrixe volveuse aparecer, neste caso o outro veciño home poderoso que se convenceu e xuntos reanudaron a construción da ermida. Desta maneira comezou o concurso de fieis e as dádivas o que convenceu ó provisor para permiti-la instalación. De aquí pasou a convento, primeiro con advocación mariana e posteriormente co achádego de unha imaxe do neno Xesús no monte co que se mudou a advocación á do Bon Xesús.

Isto é a lenda que circula en torno á fundación existente, que na realidade se vincula co chantre Alonso de Piña, capellán real, Prior de Xunqueira de Ambía, pronotario, chantre, provisor e vigario que para a súa realización contaría co mestre de obras Bartolomé de Nosendo.

A igrexa enmárcase en ámbolos seus laterais por parte da construción das dependencias monacais e pola torre - campanario. Levántase austera fachada como un muro pantalla só aberto pola portada e un par de sinxelos vanos pareados dispostos en vertical, na parte alta, así como unha pequena fornela que cobixa a imaxe pétrea de Xesús neno.

Como se dixo a torre máis a construción monástica rodean a fachada. A primeira consiste nun corpo macizo, compacto de bos perpiaños con un único e pequeno vano rectangular vertical, elemento de iluminación interior para a escada da torre. Este corpo remata con unha lixeira moldura de grosor escaso sobre a que descansa a última fiada que sostén o remate que coroa a torre: serie de molduras voadas que ennobrecen o conxunto sobre o que descansa o campanario. Este confórmase como unha estrutura cuadrifonte, con pequenas arquerías de medio punto peraltadas que albergan as campás e coroadado todo el por un xogo de molduras a semellanza do remate do corpo inferior, pero esta vez co barroco xogo de entrantes e saíntes que tanto dinamizan o conxunto, así como decoración de bolas moi do gusto herreriano que se dispoñen pareadamente e cada unha das catro esquinas. Unha cúpula pecha o conxunto. Coroa un varal que repousa sobre unha forma circular e coroadada á súa vez por unha sinxela cruz.

No terzo inferior da torre e do lado máis próximo á portada, adiantase un groso muro tamén de perpiaño, rematado con un xogo de molduras voadas na parte superior e cunha bancada corrida na inferior, que continúa pola fachada, servindo este muro, tanto de apoio ou contraforte como de elemento sustentante, noutro tempo dunha cuberta a modo de cabildo que percorrería de lado a lado a fachada e toda a parte de bancal, servindo de nexo de unión entre este lenzo e os da entrada das dependencias monacais, tamén de bos perpiaños con portada aberta ó adro con arco de medio punto con doelas de grande tamaño que aumentan a preponderancia de dita porta.

Accédese a esta especie de adro por medio dunha delicada e boa escada de estrutura poligonal de sete chanzos, sendo cada un de menor tamaño segundo se vai aumentando en altura, o que proporciona un derrame a modo de cascada ó ser contemplada a distancia. Unha vez ascendida, atopámonos con unha exquisita portada de certa lectura plateresca con reminiscencias do manuelino, ámbos estilos de comezos do século XVI. Antes existe unha pequena escada, xemelga á do exterior do adro, só con catro chanzos de menor tamaño.

A portada confórmasse por un arco conopial cobixado por varias arquivoltas que repiten este esquema, pragadas de decoración en relevo a modo de labor de auténtico prateiro, como do gusto do "horror vacui" do mundo romano tan de modo neste momento do XVI. Percíbense elementos manuelinos (decoración de formas estilizadas amarradas a modo de sogas que recorre todo o baquetón que circunda o vano da porta), elementos italianizantes (candelieri, grutescos, formas vexetais carnosas dispostas en volutas, ovas), así como elementos típicamente españois como os motivos heráldicos con anagrama de Cristo e as que se din armas de Don Alonso de Piña, prior de Xunqueira de Ambía.

Arquivoltas de medio punto rematan todo o conxunto decorativo da portada, cobixadas estas por outra máis sobresaínte que enmarca e remata en pico con sobrias volutas que sosteñen unha cruz. Un aleiro ou imposta divide horizontalmente a fachada con unha parte superior de porma piramidal reproducindo a forma da cuberta a dúas augas. Na parte ampla do muro alberga, como se dixo, ventás superpostas con decoración floral en cada unha das esquinas.

Sen dúbida foi a igrexa o elemento mellor conservado do conxunto monacal cuí as dependencias padeceron gravemente os efectos da desamortización. Por fortuna o claustro que organiza a edificación consérvase todavía nun estado aceptable. De pranta rectangular non oculta o esplendor e magnificencia de tempos pasados a pesares do estado de abandono. As arcadas repiten a estrutura da portada do templo, é dicir, elegantes arcos conopiais rebaixados, tipo de arco que se pode ver tamén nos lenzos da edificación, algún tapiado, coa elegancia que se lle presume a este momento de comezos do século XVI.

Descansa o conxunto de arcos sobre unha serie de columnas, adosadas a pilares algunhas delas e outras exentas que deixan apreciar toda a súa gracia ó redor. Elévanse sobre molduradas basas con fuste sinxelo, sen decoración, xa que a carga decorativa reflíctese nos capiteis, totalmente recheos de relevos, tanto fitomorfos como de temas animalísticos que aportan o ornamento que precisan os sobrios muros superiores con vanos alintelados.

En 1668 o mosteiro sufriu un forte incendio que practicamente arruinou a súa estrutura non quedando "*ni una sola celda donde los religiosos pudieran recogerse*". As reconstrucións comezaron ó ano seguinte recibindo dádivas de tódalas partes da provincia. As obras continuarán ó longo de todo o XVII e cando menos na primeira parte do século XVIII. Unha das construcións está documentada en 1685 contratada ós mestres Benito Conde, veciño de Celanova e Domingo Caballero de Santa María de Sacos en Pontevedra en 5000 reais e había de ser segura e de boa calidade.

O Convento posteriormente pasou por outras vicisitudes como a invasión francesa ou a instalación de clérigos franceses dentro dos seus muros e finalmente a expropiación coa desamortización de Mendizabal en 1835. O edificio saíu a subasta o 27 de abril de 1844, como anuncia o Boletín Oficial da Provincia no que se recolle unha descrición do mesmo "*el edificio que fue convento de franciscos de Buen Jesus de Limia sito en la parroquia de Pena partido de Ginzo, compuesto de dos piezas llamadas la una cátedra y la otra granero, cocina, refectorio, tres cuadras, claustro que da entrada al primer piso que contiene doce habitaciones interiores con un balcón de hierro encima: otro piso superior compuesto de veinte y una alcobas, todo trabajado con madera de castaño en un estado mediano. Ademas la Iglesia que contiene seis retablos, tres de ellos en buen uso, dos pulpitos de hierro, una barandilla y rejado de la misma clase; la sacristia con treinta y ocho cajones de los cuales catorce se hallan con llave; cuyo valor en venta fue regulado en globo por los peritos del arte en 24200 reales cantidad por que se saca a subasta*".

BIBLIOGRAFÍA:

GONZÁLEZ SUÁREZ, F. "Las obras en el Convento del Buen Jesús de la Limia a finales del siglo XVII" Porta da Aira, nº 2. Ourense. 1989. Pp. 139-152

OGANDO VÁZQUEZ, J.F.; SUANCES PEREIRO, J. "El monasterio de Bon Xesús de Trandeiras". Revista Orense, año II, nº 5. Ourense. 1980

DOCUMENTACIÓN:

Ficha do catálogo do planeamento urbanístico do Concello de Xinzo de Limia. Clave de Identificación: R-34
Boletín Oficial. Provincia de Orense. 27 de abril de 1844

Características Construtivas

Plantas:

Edif. Anexas:

Mat. Fachada: Granito

Mat. Estrutura: Granito

Mat. Cuberta: Tella curva

Elementos singulare

Construtivos:

Decorativos:

Delimitación do Ben e da contorna

Situación: Outros

Area de Protección: 100m.

Protección

Tipo de ben: Inventariado

Proposta de tipo de ben:

Estado de Tramitación: Declarado

Nivel de Protección Arq.: Integral

Proposta Nivel de Protección Arq.

Grao de Protección Arq.: -----

Proposta Grao de Protección Arq. -----

Xustificación da Protección:

Titularidade

Polígono:

Parcela:

Conservación-Intervención

Estado de Conservació Malo

Uso Actual: Devocional

Alteracións Morfolóxicas

Tipo:

Data:

Descrición:

Proxecto:

Axentes:

Observacións:

Bens Mobles





